

ANEXO I Os prazos

DE ADMISIÓN:

P.1 Procedemento do apartado 2.1: Haberá que solicitar a admisión segundo o calendario aprobado pola CiUG (<http://ciug.gal/>)

P.2 Procedemento dos apartados 2.3.1, 2.4, 2.6, 2.9 e 2.10: O prazo de presentación de solicitudes será o mes de xuño, cumprindo os requisitos en dito prazo, e resolveranse de xeito que as persoas solicitantes estarán notificadas antes do 31 de xullo.

- A quen solicite admisión tendo pendentes cualificacións e resulte admitido poderá pedir que se lle recoñezan eses créditos sempre que o faga nos 15 días seguintes ao de ter completado o expediente. Os centros resolverán esta nova solicitude antes do 30 de setembro.
- Cando resulten prazas sen cubrir, e existan solicitudes presentadas en prazo que non foron resoltas favorablemente ao estar pendentes de cualificacións, unha vez completado o expediente, as persoas afectadas poderán solicitar a revisión da súa situación. Os centros poderán atendela e resolvela antes do 30 de setembro.
- Ademais, cando resulten prazas sen cubrir para o procedemento establecido no apartado 2.6, será decisión dos órganos de dirección permitir cambios entre centros fóra de prazo.

P.3 Procedemento do apartado 2.7:

- Prazo de presentación de solicitudes: do 1 de xuño ao 12 de xullo
- Publicación de listaxes provisionais de solicitudes admitidas a trámite: 14 de xullo
- Prazo de presentación de reclamacións: 15 e 16 de xullo
- Publicación de listaxes definitivas de solicitudes admitidas a trámite: 19 de xullo
- Publicación de listaxes provisionais de persoas admitidas a matricularse: 21 de xullo
- Prazo de presentación de reclamacións: 22 e 23 de xullo
- Publicación de listaxes definitivas de persoas admitidas a matricularse: 27 de xullo

No caso de haber menos persoas admitidas que prazas ofertadas nos cursos ponte os centros poderán admitir solicitudes fóra de prazo **sempre que a matrícula se formalice antes de que remate o período ordinario de matrícula indicado no apartado P.8.**

P.4 Procedemento do apartado 2.8: O prazo de presentación de solicitudes para realizar **RFC** dependerá da opción elixida:

- Proba de aptitude, período de prácticas ou realización dun proxecto ou traballo: ao longo do curso académico e ao menos 15 días antes de calquera delas.
- Asistencia a cursos tutelados: o prazo de matrícula é o establecido no apartado P.8.

P.5 Admisión polo procedemento do apartado 2.11: O prazo de presentación de solicitudes iníciase dende o momento no que se publique a primeira relación de prazas ofertadas, e sempre que non se cubran na súa totalidade, permanecerá aberto de xeito que a formalización da matrícula poida realizarse ata o 15 de outubro.

P.6 Admisión polo procedemento do apartado 2.3.2: O prazo de presentación de solicitudes de cara ao curso académico 2022/2023 será os meses de marzo e abril de 2022. En todo caso, en previsión de que non se cubran as prazas do apartado 2.3.1, é dicir, para quen proveña de estudos universitarios oficiais españois, os centros poderán atender solicitudes de estudantes de sistemas educativos estranxeiros, nas datas establecidas no apartado P.2